



Exp. 2020/G010/000018

Sr/a Concelleiro/a da Corporación Municipal

Cee (A Coruña)

NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar ao órgano colexiado (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal a instancia dunha cuarta parte dos concelleiros desta Corporación para o

Día: xoves 5 de novembro de 2020

Hora: 20:00

Lugar: CASA DO CONCELLO DE CEE

MOTIVACIÓN: Enterados de que a Demarcación de Costas, dentro das obras de mellora do entorno da praia de Caneliñas, pretende eliminar a rampa e o muro de contención de mampostería da antiga baleeira, por onde as baleas eran arrastradas a factoría, e tendo en conta ademais que, tras consultar co xefe territorial de patrimonio da Consellería de Cultura ambas construcións están protexidas por patrimonio industrial e calquera actuación terá que ter o informe favorable da mesma, e este sería sempre para a posta en valor e conservación, nunca para derrubar os restos arqueolóxicos.

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

ASUNTO ÚNICO:



Exp. 2020/G010/000018

Instar á Demarcación de Costas, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica, que nas obras de mellora do entorno inclúa a restauración e mellora do muro e da rampa citado na exposición de motivos

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado,

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Cee, luns 2 de novembro de 2020

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

Cee, luns 2 de novembro de 2020

A secretaria, Rosa Ana García Fernández